

6/93 MEMORIA ANUAL DE EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2020-2022.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa do Servizo de Fomento, do 26 de febreiro de 2025, conformado polo tenente de alcaldesa delegado da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“VISTOS :

1º.- Memoria anual de execución do Plan estratéxico de subvencións 2020-2022, elaborada polo Servizo de Fomento o día 30 de xaneiro de 2025, no que se pon de manifesto:

PRIMEIRO.- O Excmo. Concello Pleno, na sesión EXTRAORDINARIA e URGENTE celebrada o día dezaseis de abril de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

“6/40 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 08/04/2020 POLO QUE SE APROBA O “PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2020-2022, DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, ACTUALIZACIÓN ANUALIDADE 2020.”

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local na sesión do 28-4-2021 adoptou o Acordo número 10/238 PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2020-2022, DO EXCMO.CONCELLO DE LUGO, ACTUALIZACIÓN ANUALIDADE 2021.-

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local na sesión do día 16-3-2022 adoptou o Acordo número 5/139 PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2020-2022 DO EXCMO.CONCELLO DE LUGO, ACTUALIZACIÓN DA ANUALIDADE 2022.-

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, LXS, en diante, establece: “Principios generales. 1. Los órganos de las Administraciones públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el prazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria”

O citado artigo 8 LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios rectores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos de subvencións, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse deste. Segundo o artigo 11 do citado RLXS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que para o cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria se determinen para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

En virtude da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais polo art. 4 da Lei 7/1985 RBRL o marco normativo xeral complementase coas seguintes normas ou instrumentos propios:

- A Ordenanza municipal de subvencións do Concello de Lugo aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 7 de marzo de 2005, Acordo núm. 5/20, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 111, do 18 de maio de 2005.

- As Normas municipais de execución presupostaria que resulten aprobadas para cada exercicio xunto á tramitación dos presupostos.

.- **NATUREZA.**

O Plan estratéxico de subvencións ten carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións, quedando a súa efectividade condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención (art. 12.3. RLXS), é dicir, o plan estratéxico non dá dereitos efectivos a posibles persoas beneficiarias, deberá ser desenvolto, non tendo natureza de norma xurídica, senón que se trata dun acto administrativo de carácter xeral.

O establecemento efectivo das subvencións previstas no plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos presupostos municipais e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión ou o documento procedente. Os seus efectos internos, non obstante, si supoñen vinculación para a corporación municipal en dous sentidos. **En primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para liñas de acción non previstas no plan. E en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións, sen prexuízo das modificacións que se deriven dos informes de seguimento, nos termos do artigo 15 do Regulamento da Lei de subvencións.**

Ademais, nestes momentos nos que se require un maior control do gasto, o Plan estratéxico de subvencións, PES, ha de ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendibilicen os recursos mediante criterios de eficacia, que polas circunstancias concorrentes poden verse limitados. Hai que ter en conta que a Lei xeral de subvencións condiciona o outorgamento destas non só á existencia do Plan estratéxico, senón tamén ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de conformidade co ditaminado no artigo 8.1. da Lei xeral de subvencións, a esixencia de plans estratéxicos de subvencións, nos que se fixen os obxectivos da actividade subvencional, está relacionada coas normas vixentes en materia de orzamentos e de control/fiscalización.

.- **CONTIDO. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.**

Contido

O artigo 12 do RLXS, regula profusamente o contido dos plans estratéxicos, o contido en sentido estrito, conformado por:

- 1) obxectivos estratéxicos; que describen o efecto e impacto que espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que han de

estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas presupostarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ao mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei xeral de subvencións.

- 2) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:
 - a) Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.
 - b) Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
 - c) Prazo necesario para a súa consecución.
 - d) Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas administracións públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.
 - e) Plan de acción no que concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no plan delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión, o calendario de elaboración e, se é o caso, os criterios de coordinación entre as distintas administracións públicas para a súa xestión. Este aspecto é clave para conectar o plan estratéxico coas bases reguladoras, fase seguinte.
- 3) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan.
- 4) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

Centrándonos no punto 3 referente ao réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan, cabe indicar que para estes efectos se deben determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

O control e seguimento do Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo realizarase de forma anual en dous aspectos:

- a) Control económico-financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención Xeral do Concello de Lugo, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que por parte da Intervención Xeral se determinen.
- b) Control e seguimento do Plan.

En definitiva:

PLANIFICAR (PLAN) FACER (DO) REVISAR (CHECK) AXUSTAR (ACT)

O Plan estratéxico debe ser revisado co obxecto de:

- Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
- Actualizar os importes daquelas que se manteñan.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

- Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

O Réxime **de seguimento e avaliación continua é un aspecto fundamental do plan estratéxico**, pois sen el non pode coñecerse se conseguiron os obxectivos, ou en que medida e por tanto non poderá corrixirse a actuación e o plan, en si, carecería de virtualidade,

De xeito que a primeiros de ano foron requiridas cada unha das unidades xestoras de subvencións, para os efectos de emitan informe coas seguintes especificacións:

- Información de cada liña e tipo de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
- O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución. Para tales efectos, para cada liña de subvención deberanse determinar os indicadores de cumprimento dos seus obxectivos.
- Os custos efectivos en relación cos previsibles, do seu plan de acción e dos seus indicadores cuantificables. Impacto e efectos sobre a realidade na que se pretendeu incidir.
- Repercusións presupostarias e financeiras que se derivan da aplicación do Plan.
- Conclusións ou valoración global.
- Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións.

Neste escenario encádrase a **Memoria anual de execución do Plan estratéxico de subvención, que debe ofrecer**, xunto á información referida e o grao de execución lograda polas distintas liñas, as desviacións máis significativas, análise e causa das desviacións, medidas correctoras, de ser o caso, todo isto con garantías da fiabilidade e integridade da información que se reflicta, comprobándose, entre outros, que se implantaron os sistemas de información adecuados para a execución dos indicadores.

É polo que, unha vez rematado o período de vixencia do dito plan estratéxico, procede facer unha **Memoria anual de execución do Plan estratéxico de subvencións 2020-2022** que recolla as achegas dos servizos afectados polo dito plan e que debe ofrecer xunto á información referida o grao de execución lograda polas distintas liñas, as desviacións máis significativas, análise e causa das desviacións e medidas correctoras, de ser o caso.

Tendo en conta os informes achegados dende os servizos e departamentos do Concello de Lugo xestores do outorgamento de subvencións e a relación de operacións por partida das correspondentes ás anualidades 2020-2022, extráense os seguintes datos:

		ANO 2020			ANO 2021			ANO 2022		
AREA	MODALIDADE DE CONCESIÓN	CRÉDITOS INICIAIS €	CRÉDITOS PAGADOS €	% EXECUCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS €	CRÉDITOS PAGADOS €	% EXECUCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS €	CRÉDITOS PAGADOS €	% EXECUCIÓN
ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL: MEDIO AMBIENTE, actualmente ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA	DIRECTA NOMINATIVA	215.000,00	211.498,86	98,37%	215.000,00	215.000	100,00%	215.000,00	215.000,00	100,00%
ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL, actualmente ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL: CONCELLERÍA DE MULLER IGUALDADE E INCLUSIÓN	DIRECTA NOMINATIVA	1.000,00	-	0,00%	1.000,00	1.000,00	100%	1.000,00	-	0,00%
	CONCORRENCIA COMPETITIVA	32.100,00	13.155,57	40,98%	32.100,00	15.218,14	47,40%	32.100,00	20.925,96	65,19%
ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL, actualmente ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL: CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES	DIRECTA NOMINATIVA	313.774,36	302.036,88	96,26%	280.491,00	248.905,87	88,74%	300.500,00	274.883,80	91,48%
	CONCORRENCIA COMPETITIVA									
	TAXI ADAPTADO	5.000,00	1.348,96	27%	5.000,00	739,23	14,78%	5.000,00	3.129,63	62,59%
	PROFESIONAIS CON LICENZA TAXI-ADAPTADO	14.000,00	14.000,00	100%	14.000,00	14.000,00	100,00%	14.000,00	13.999,83	100,00%
	ASOCIACIÓN E PERSOAS XURÍDICAS PRIVADAS	38.000,00	20.957,49	55%	38.000,00	16.638,64	43,79%	38.000,00	13.367,00	35,18%
	PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN ONGS	10.000,00	9.866,76	99%	10.000,00	10.000,00	100,00%	10.000,00	9.999,50	100,00%
	PROXECTOS COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO ONGS	70.000,00	69.999,43	100%	70.000,00	-	0,00%	70.000,00	40.775,12	58,25%
	PROGRAMA ALUGUEIRO	300.000,00	233.961,34	78%	300.000,00	-	0,00%	300.000,00	148.211,72	49,40%
	PROGRAMA ALUGUEIRO 2º PRORROGA 2018	276.972,75	219.971,03	79,41%	-	-	-	-	-	-
	DIRECTA E EXCEPCIONAL	-	-		CÁRITAS DIOCESANA 4.000,00	4.000,00	100%	-	-	
		ANO 2020			ANO 2021			ANO 2022		
AREA	MODALIDADE DE CONCESIÓN	CRÉDITOS INICIAIS €	CRÉDITOS PAGADOS €	% EXECUCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS €	CRÉDITOS PAGADOS €	% EXECUCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS €	CRÉDITOS PAGADOS €	% EXECUCIÓN
ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA	DIRECTA NOMINATIVA	109.900,00	97.127,38	88,38%	112.900,00	109.817,90	97,27%	115.900,00	112.900,00	97,41%
	CONFRARIAS SEMANA SANTA	6.000,00	-	0,00%	6.000,00	-	0,00%	6.000,00	5.500,00	91,67%
	CONCORRENCIA COMPETITIVA	14.900,00	10.137,05	68,03%	14.900,00	14.036,66	94,21%	14.900,00	12.877,90	86,43%
ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL ACTUALMENTE ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E	DIRECTA NOMINATIVA	305.000,00	266.160,12	87,27%	305.000,00	274.431,79	89,98%	304.000,00	294.000,00	96,71%
	CONCORRENCIA COMPETITIVA									
	ASOCIACIÓN CLUBS DEPORTIVOS	317.000,00 (*) minorado a	266.160,12	86,74%	317.000,00	303.262,18	95,67%	321.000,00	300.418,64	93,59%

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS CONCELLERÍA DE DEPORTES		306.850,12								
	AXUDAS TALENTO DEPORTIVO	24.441,04	26.645,69 (*)	100,00 %	26.000,00	23.795,35	91,52%	26.000,00	26.000,00	100,00%
			(*) incremento con cargo ao orzamento 2021							
ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA	DIRECTA NOMINATIVA	22.000,00	22.000,00	100%	22.000,00	22.000,00	100%	22.000,00	22.000,00	100,00%
	CONCORRENCIA COMPETITIVA	45.500,00	2.940,26	6,46%	42.559,74	4.489,96	10,55%	45.500,00	7.771,10 €	17,08 %
ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL, ACTUALMENTE ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS CONCELLERÍA DE XUVENTUDE	DIRECTA NOMINATIVA	-	-	-	-	-	-	-	-	-
	CONCORRENCIA COMPETITIVA	10.000,00	9.999,94	100,00 %	10.000,00	7.672,17	76,72%	10.000,00	8.658,22	86,58%
ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO	DIRECTA NOMINATIVA	-	-	-	-	-	-	-	-	-
	CONCORRENCIA COMPETITIVA	40.000,00	28.567,04	71,42%	40.000,00	29.987,18	74,97%	10.000,00	-	0,00%
ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	URGENTE E EXTRAORDINARIA	5.000.000,00	2.800.790,00	56,02%	1.060.000,00	1.020.000	96,23%	-	-	-
	LIÑA 1, Medidas impulso econ. e protección do emprego	4.000.000,00			Liña 1 Medidas de axuda a establecementos obrigados ao peche total					
	LIÑA 2, Medidas conciliación vida familiar e laboral COVID	1.000.000,00			Liña 2 Medidas de axuda a establecementos comerciais obrigados ao peche parcial					
	CONCORRENCIA COMPETITIVA									
	Dinamización económica	80.000,00	20.877,06	26,10%	57.500,00	26.836,70	46,67%	40.000,00	31.005,44	77,51%
	DIRECTA E EXCEPCIONAL									
		-	-	-	DIOCESE DE LUGO 70.000,00	35.000 (pago anticipado)	0%	-	-	

CONCLUSIÓNS E VALORACIÓNS GLOBAIS.

A avaliación e seguimento do PES 2020-2022 concretouse en tres informes de seguimento que constan no expediente e presentados na base nacional de subvencións, dos ditos informes pódese concluír :

ANO 2020

1ª Do total de liñas de subvencións recollidas na actualización do Plan estratéxico ano 2020 o grao de execución en termos xerais foi elevado, aínda que se observa, que con motivo da situación provocada pola Covid, moitas actividades subvencionadas foron reformuladas ou canceladas.

2ª Levouse a cabo unha convocatoria de axudas para os efectos de impulso da actividade económica e para os efectos de paliar os efectos do Covid, en concreto o PLAN REANIMA 2020 con dúas liñas de actuación:

Liña 1 medidas de axuda ao impulso económico e protección do emprego. Crédito inicial 4.000.000 €.

Liña 2 medidas de axuda á conciliación da vida familiar e laboral. Crédito inicial 1.000.000 €.

3ª Conforme aos informes das unidades xestoras detectouse falta de precisión no número de persoas destinatarias dalgunha das actividades formuladas, consideración que se ten en conta para os efectos dos futuros modelos de memorias para presentar polas diferentes entidades.

4ª No referente ás liñas de subvención nominativas dende o Servizo de Servizos Sociais ponse de manifesto a minoración da dita liña de subvencións para os efectos de evitar un dobre financiamento daqueles programas que tiñan o mesmo contido.

ANO 2021

1ª Das liñas de subvencións de concorrencia competitiva previstas para o exercicio 2021, non se tramitaron nin a convocatoria relativa ao alugamento de vivenda destinada a vivenda habitual por importe de 300.000 €, nin a convocatoria para a concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos concretos de cooperación en países menos desenvolvidos por importe de 70.000 €, da

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

Concellería de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores da Área de Cohesión Social.

2ª En relación coas subvencións nominativas previstas nas bases de execución do orzamento municipal e recollidas no Plan estratéxico de subvencións, producíronse as seguintes **renuncias** por non poder desenvolver a actividade, principalmente por mor da situación de pandemia provocada polo Covid-19:

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES:

- Asociación Leticia Cativa para o acollemento estival en familias luguesas de persoas menores rusas afectadas pola radiación de Chernobyl, por importe de 3.000 €.
- Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, para o desprazamento de menores ao noso país, dentro do programa "Vacaciones en paz", por importe de 7.000 €.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA:

- Casa de Rosalía de Castro para investigación na documentación e nos arquivos da Fundación con motivo do seu 50 aniversario por importe de 3.000 €.
- Xunta de Cofradías de Semana Santa para contribuír á conservación da declaración da Semana Santa como festa de interese turístico de Galicia, por 6.000 €.

3ª As seguintes subvencións previstas nominativamente non foron aprobadas ao non ter xustificado debidamente a realización do obxecto do convenio, segundo consta no informe da unidade xestora:

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE DEPORTES:

- Club Boxing Cidade de Lugo, por importe de 10.000 €.
- Gestop Rallye Team, por 4.000 €.

4ª Cómpre destacar as seguintes liñas de subvencións, cuxo grao de execución foi **inferior ao 20%**, a fin de que as correspondentes unidades xestoras tramitadoras valoren a súa adaptación e modificación ás circunstancias e necesidades actuais:

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES:

- Convocatoria de concesión de subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida: O importe inicial destinado a esta liña de subvención no orzamento do exercicio 2021 foi de 5.000 €, dos que se adxudicaron 1.900 € e finalmente xustificaron e pagáronse 739,23 €, sendo o grao de execución dun **14,78%**.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA:

- Convocatoria de concesión de subvencións para asociacións de veciños e veciñas para fomentar o desenvolvemento de actividades que potencien a participación cidadá e a democracia participativa: Esta liña de subvencións estaba dotada inicialmente no orzamento do 2021 nun global de 42.559,74 €, adxudicáronse axudas por importe de 5.358,52 €, dos que finalmente xustificaron e pagáronse 4.489,96 €. Polo que o grao de execución foi do **10,55%**.

ANO 2022

1.- Dende a Concellería de Muller Igualdade e Inclusión, de cara ás futuras convocatorias, dáse conta da eliminación dunha das liñas de subvención previstas nominativamente motivado na falta de cumprimento por parte da entidade beneficiaria.

2.- Dende a Área de Cultura ponse de manifesto que no referente á *convocatoria de axudas para entidades que desenvolven a súa actividade no eido da cultura do ano 2022, que as actuacións foron realizadas maioritariamente segundo o previsto, destacando que do total das asociacións solicitantes o 30 % non executan o 100% do proxecto inicialmente presentado.*

Dende a dita unidade xestora, no referente á liña de subvencións de carácter nominativo, ponse de manifesto, que segue a detectarse a falta de precisión no número de destinatarios en algunhas das actividades realizadas, aínda que en moitos casos, ao ser actividades abertas, puidera resultar complexo.

3.- Dende a Concellería de Educación e en relación coas subvencións, destinadas ás asociacións de pais e nais, ponse de manifesto un grao de execución do 0% motivado no descoñecemento do procedemento establecido dado que se trataba dunha iniciativa nova do Concello de Lugo.

CONCLUSIÓN FINAL

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

Do total de liñas de subvención recollidas no PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES 2020-2022, o grao de execución foi elevado e a tramitación das diferentes liñas pode considerarse axeitada.

- De todos os xeitos, tendo en conta o establecido na normativa vixente, considérase axeitado levar a cabo as seguintes recomendacións para os efectos de cumprimento por parte das unidades xestoras:

1º - Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos establecidos.

2º - Levar a cabo actuacións de seguimento e avaliación de cada liña de subvención; grao de cumprimento dos obxectivos.

A xustificación do dito grao de cumprimento deberá realizarse conforme aos indicadores establecidos e aprobados no plan estratéxico, para cada liña de subvención, deberá informarse:

Indicadores

Descrición de cada indicador; conforme aos indicadores establecidos e aprobados no plan estratéxico	obxectivo		(% Cumprimento de obxectivos
	Previsto	Alcanzado	

3ª Na elaboración do novo Plan estratéxico de subvencións ano 2026-2028, deberá estarse ás actuacións de seguimento e avaliación de cada liña de subvención conforme aos ditos indicadores e actualizar as diferentes liñas conforme aos ditos indicadores.

2º.- Informe de Intervención emitido o día 19 de febreiro de 2025 e no que se conclúe:

.....

QUINTO: Analizando o contido da Memoria anual de execución do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 antes citado, pódense extraer as seguintes conclusións:

A avaliación e seguemento do PES 2020-2022 concrétese en tres informes elaborados polo Servizo de Fomento para o seguemento e avaliación do PES, que son:

- Informe de EXECUCIÓN E EVALUACIÓN, NO ANO 2020, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2020-2022, DO EXCMO CONCELLO DE LUGO, asinado pola Técnica de Fomento, María Jesús López Vázquez, en data 29.12.2021, coa conformidade da Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.
- Informe de EXECUCIÓN E EVALUACIÓN, NO EXERCICIO 2021, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2020-2022, DO EXCMO CONCELLO DE LUGO, asinado pola xefa de sección de Fomento, María Baza Poudereux, en data 24.11.2022, coa conformidade da Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.
- Informe de EXECUCIÓN E EVALUACIÓN, NO EXERCICIO 2022, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2020-2022, DO EXCMO CONCELLO DE LUGO, asinado pola xefa do Servizo de Fomento, María Jesús López Vázquez, en data 11.10.2024, coa conformidade do Tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández Méndez, por suplencia do Tenente de Alcaldesa da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.

O grao de execución das liñas de subvención recollidas no Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, considerado durante a totalidade da vixencia deste foron os seguintes:

	LIÑAS DE SUBVENC IÓN	Concorrenca competitiva	Directa/nominativa por convenio	2020-2022		
				Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execuci ón
ÁREA DE DESENVOLVEM ENTO LOCAL SOSTIBLE	3	SUBVENCÍONS: PARA ENTIDADES DO TERRITORIO, PARA CONTRIBUIR Á DINAMIZACIÓN DA ECONOMÍA LOCAL		177.500,00 €	78.719,20 €	44,35%

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

		SUBVENCIONS COVID19. PLAN REANIMA LUGO.- CODIGO PROXECTO: 20COVID19 - AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONOMICA NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID19		6.060.000,00 €	3.820.790,00 €	63,05%
			CONVENIO SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE LUGO e CONVENIO ASOCIACION MICHOS LUGO	645.000,00 €	641.498,86 €	99,46%
	1		DIOCESE DE LUGO (Rehabilitación Capela do Carne)	70.000,00 €	35.000,00 €	50,00%
ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL	6	PROXECTOS EN FAVOR DE COLECTIVOS AFECTIVO SEXUAIS		30.000,00 €	8.218,00 €	27,39%
		PROXECTOS DO DEPORTE FEMININO		66.300,00 €	41.070,67 €	61,95%

	CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DAS SEGUINTE ACTIVIDADES OU PROGRAMAS: * DESPRAZAMENTO EN VEHICULO ADAPTADO DE PERSOAS CON PROBLEMAS DE MOBILIDADE, NA SÚA DOBRE MODALIDADE: USUARIO E PROFESIONAL CON LICENZA TAXI-ADAPTADO * PROXECTOS OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN SOCIAL OU DE UTILIDADE PÚBLICA PARA O CONCELLO DE LUGO, NO EIDO DOS SERVIZOS SOCIAIS. * PROGRAMAS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL POLAS ONGDs * PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO QUE CONTRIBÚAN A SATISFACER AS NECESIDADES BÁSICAS DA POBOACIÓN DOS PAÍSES MENOS DESENVOLVIDOS. * ACCESO A VIVENDA DA CIDADANÍA CON ESCASOS RECURSOS OU QUE SE ATOPE NUNHA SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA QUE LLE IMPOSIBILITE OU DIFICULTE O ACCESO A UNHA VIVENDA DIGNA		1.587.972,75 €	840.965,68 €	52,96%
		CARITAS DIOCESANA	4.000,00 €	4.000,00 €	100,00%
	REALIZACIÓN DE PROXECTOS EN MATERIA DE XUVENTUDE		30.000,00 €	26.330,33 €	87,77%
		CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES "A CASIÑA"	3.000,00 €	1.000,00 €	33,33%

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

			CONVENIOS PARA A PROMOCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN, ATENCIÓN E ASESORAMENTO ESPECIALIZADO EN MATERIA DE DISCAPACIDADE FÍSICA OU PSÍQUICA, PADECIMENTO DE ENFERMIDADES OU DOENZAS, INTEGRACIÓN DAS PERSOAS DA ETNIA XITANA, ATENCIÓN ESPECIALIZADO A PERSOAS SEN TEITO, ACOLLEMENTO ESTIVAL DE MENORES E AXUDAS A COLECTIVOS CON ESCASOS RECURSOS	894.765,36 €	825.826,55 €	92,30%
ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA	4	APOIO A PROXECTOS CULTURAIS		44.700,00 €	37.051,61 €	82,89%
		REALIZACIÓN "AXUDAS A FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO ESCOLAR"		90.000,00 €	58.554,22 €	65,06%
			APOIO A ASOCIACIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS, PROXECTOS DE PROMOCIÓN CULTURAL DE LUGO E PROXECTOS DE PROMOCIÓN E APOIO Á HOSTALERÍA LOCAL	338.700,00 €	319.845,28 €	94,43%
			PROMOCIÓN DA SEMANA SANTA LUCENSE. FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA	18.000,00 €	5.500,00 €	30,56%
ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES	2	REALIZACIÓN DE PROXECTOS EN MATERIA DE DEPORTES		1.031.441,04 €	946.281,98 €	91,74%
			APOIO A ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS PARA DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E APOIO AO DEPORTE	914.000,00 €	834.591,91 €	91,31%

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA	2	REALIZACIÓN DE PROXECTOS EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ		133.559,74 €	15.201,32 €	11,38%
		APOIO Á PRESTACIÓN DE PRIMEIROS AUXILIOS NO MUNICIPIO DE LUGO A TRAVÉS DA COMITÉ PROVINCIAL DE CRUZ ROJA ESPAÑOLA		66.000,00 €	66.000,00 €	100,00%
Total	18	10	8	12.204.938,89 €	8.606.445,61 €	70,52%

No exercicio 2020 o importe total dos créditos iniciais das liñas de subvención recollidas no Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 ascendeu a 7.250.588,15 €, realizándose pagamentos por importe de 4.648.200,98 €. Con iso conseguiu-se un grao de execución do 64,11 %.

No ano 2021 o importe total dos créditos iniciais das liñas de subvención ascendeu a 3.053.450,74 €, realizándose pagamentos por importe de 2.396.820,77 €, conseguíndose un grao de execución do 78,50 %. Neste exercicio diminuíuse considerablemente o importe do crédito da liña de subvencións destinadas ao impulso da actividade económica para paliar os efectos do COVID19. Así mesmo, non se realizaron as convocatorias relativas ao alugamento de vivenda destinada a vivenda habitual (300.000,00 €) nin as destinadas a organizacións non gubernamentais de desenvolvemento para realizar proxectos de cooperación (70.000,00 €). Ademais, producíronse renuncias a subvencións nominativas previstas por mor de non desenvolverse as actividades provocado pola situación de pandemia COVID19 (19.000,00 €) e non se aprobaron subvencións nominativas por non terse achegado debidamente a xustificación (14.000,00 €).

Neste exercicio, na memoria súxírese unha nova valoración das subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida e das subvencións a asociacións de veciños para o fomento de actividades que potencien a participación cidadá e a democracia participativa, co fin de que estas se adapten ás circunstancias e necesidades actuais, por canto a súa execución foi inferior ao 20%.

No ano 2022 o importe total dos créditos iniciais das liñas de subvención ascendeu a 1.900.900,00 €, realizándose pagamentos por importe de 1.561.423,86 €, conseguíndose un grao de execución do 82,14 %. Neste exercicio eliminouse na súa totalidade a liña de subvencións destinadas ao impulso da actividade económica para paliar os efectos do COVID19.

Por outra parte, e a partires da información contida nos informes anuais elaborados polo Servizo de Fomento, así como na Memoria anual de execución do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, pódense extraer as seguintes conclusións:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

No ano 2020 a maior parte do gasto en subvencións (68,96%) destinouse a AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID19, diminuíndose notablemente esta porcentaxe no seguinte exercicio (34,71%) ata a súa completa desaparición no último exercicio de vixencia do PES.

O orzamento previsto para as diferentes liñas de subvención, coa excepción da referida no parágrafo anterior, mantense nos exercicios sucesivos.

Resúmese o gasto en subvencións agrupado por Área de Goberno do seguinte xeito:

	2020			2021			2022			2020-2022		
	Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución	Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución	Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución	Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución
ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL	5.295.000,00	3.033.165,92	57,28%	1.402.500,00	1.296.836,70	92,47%	255.000,00	246.005,44	96,47%	6.952.500,00	4.576.008,06	65,82%
ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL	1.070.847,11	895.297,40	83,61%	764.591,00	318.163,05	41,61%	780.600,00	533.950,78	68,40%	2.616.038,11	1.747.411,23	66,80%
ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA	170.800,00	135.831,47	79,53%	173.800,00	153.841,74	88,52%	146.800,00	131.277,90	89,43%	491.400,00	420.951,11	85,66%
ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES	646.441,04	558.965,93	86,47%	648.000,00	601.489,32	92,82%	651.000,00	620.418,64	95,30%	1.945.441,04	1.780.873,89	91,54%
ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA	67.500,00	24.940,26	36,95%	64.559,74	26.489,96	41,03%	67.500,00	29.771,10	44,11%	199.559,74	81.201,32	40,69%
Total	7.250.588,15	4.648.200,98	64,11%	3.053.450,74	2.396.820,77	78,50%	1.900.900,00	1.561.423,86	82,14%	12.204.938,89	8.606.445,61	70,52%

A maior parte do gasto en subvencións durante todo o período atópase ubicado na Área de Desenvolvemento Sostible, que concentra aproximadamente o 57% dos créditos para subvencións durante os tres exercicios. Resalta o alto grao de execución do gasto nas subvencións da Área de Medio Rural e Deportes (91,54%) e pódese concluír que ao longo do período tense alcanzado un grao de cumprimento do 70,52%.

No tocante ás labores de seguemento e avaliación das distintas liñas de subvencións **aos efectos de comprobar o cumprimento dos obxectivos marcados**, dicir que cada unha destas liñas contén ou debe conter indicadores específicos relacionados con estes, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permiten coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos.

Analizadas de xeito aleatorio as memorias presentadas polos servizos xestores, compróbase que a análise do cumprimento dos obxectivos realízase de forma global e xenérica, sen incluír en moitos casos referencia a tódolos indicadores contidos no Plan Estratéxico.

Cómpre salientar que, en moitos casos, tanto obxectivos operativos como indicadores non se axustan ás esixencias que deben ter. No que se refire aos

primeiros, deben formularse de xeito que sexan *"coherentes cos obxectivos estratéxicos do plan; estarán expresados en termos precisos e datados, concretando o prazo para a súa consecución"* (segundo a GUIA XERAL PARA A ELABORACIÓN, SEGUIMIENTO, CONTROL, AVALIACIÓN E PUBLICIDADE DOS PLANS ESTRATÉXICOS DE SUBVENCIONS elaborada pola IGAE), evitando formulacións xenéricas, non cuantificadas ou periodificadas.

No que atinxe aos indicadores, deben contar coa suficiente calidade e seguir na medida do posible a metodoloxía RACER (indicadores relevantes, aceptados, cribles, doados de controlar e resistentes) capaces de medir a consecución destes obxectivos concretos. Obsérvase que moitas liñas se limitan a recoller indicadores de tipo xenérico como "Participación de persoas por cada actividade", "% de cada tipo de axuda sobre o total", "% de beneficiarios por axuda", "recursos económicos realmente utilizados ..." ou "nº de actuacións levadas a cabo", sen máis concreción e sen marcar ningunha meta relacionada cos obxectivos a alcanzar nas distintas anualidades de duración do plan.

Deste xeito, o PES carecerá de valor real como instrumento de planificación e de mellora da xestión, a cal debería ser a súa misión fundamental.

En todo caso, esta é unha situación a ter en conta no procedemento de elaboración de futuros plans estratéxicos de subvencións, tendo en conta a estes efectos que nos atopamos no último ano de vixencia do actual.

Como conclusión, constitúe este un informe de control financeiro previo sobre a MEMORIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2020-2022, que se remite para informe, que non obsta sobre a posibilidade de incluír no control financeiro planificable a análise do seguimento anual deste ou do PES 2023-2025

A Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo número 40/607 da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26 de xullo de 2023, relativo á delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nos/as tenentes/as delegados/as de área e nos concelleiros/as delegados/as no Concello de Lugo, segundo o cal a Xunta de Goberno Local se reserva a atribución establecida no apartado resolutivo primeiro (letra m): *"a aprobación da actualización do Plan Estratéxico de Subvencións"*, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

ÚNICO.- Aprobar a memoria anual de execución do Plan estratéxico de subvencións 2020-2022. O grao de execución das liñas de subvención recollidas no Plan estratéxico de subvencións 2020-2022, conforme a documentación que figura no expediente, considerado durante a totalidade da vixencia deste, foron os seguintes:

LIÑAS DE SUBVENCIÓN	Concorrenia competitiva	Directa/nominativa por convenio	2020-2022		
			Importe créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE	3	SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DO TERRITORIO, PARA CONTRIBUÍR Á DINAMIZACIÓN DA ECONOMÍA LOCAL		177.500,00 €	78.719,20 €	44,35%
		SUBVENCIÓNS COVID19. PLAN REANIMA LUGO.- CÓDIGO PROXECTO: 20COVID19 - AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID19		6.060.000,00 €	3.820.790,00 €	63,05%
			CONVENIO SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE LUGO e CONVENIO ASOCIACIÓN MICHOS LUGO	645.000,00 €	641.498,86 €	99,46%
	1		DIOCESE DE LUGO (Rehabilitación Capela do Carne)	70.000,00 €	35.000,00 €	50,00%
ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL	6	PROXECTOS EN FAVOR DE COLECTIVOS AFECTIVO SEXUAIS		30.000,00 €	8.218,00 €	27,39%
		PROXECTOS DO DEPORTE FEMININO		66.300,00 €	41.070,67 €	61,95%

	CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DAS SEGUINTE ACTIVIDADES OU PROGRAMAS: * DESPRAZAMENTO EN VEHICULO ADAPTADO DE PERSOAS CON PROBLEMAS DE MOBILIDADE, NA SÚA DOBRE MODALIDADE: USUARIO E PROFESIONAL CON LICENZA TAXI-ADAPTADO * PROXECTOS OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN SOCIAL OU DE UTILIDADE PÚBLICA PARA O CONCELLO DE LUGO, NO EIDO DOS SERVIZOS SOCIAIS. * PROGRAMAS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL POLAS ONGDs * PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO QUE CONTRIBÚAN A SATISFACER AS NECESIDADES BÁSICAS DA POBOACIÓN DOS PAÍSES MENOS DESENVOLVIDOS. * ACCESO A VIVENDA DA CIDADANÍA CON ESCASOS RECURSOS OU QUE SE ATOPE NUNHA SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA QUE LLE IMPOSIBILITE OU DIFICULTE O ACCESO A UNHA VIVENDA DIGNA		1.587.972,75 €	840.965,68 €	52,96%
		CÁRITAS DIOCESANA	4.000,00 €	4.000,00 €	100,00%
	REALIZACIÓN DE PROXECTOS EN MATERIA DE XUVENTUDE		30.000,00 €	26.330,33 €	87,77%
		CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES "A CASIÑA"	3.000,00 €	1.000,00 €	33,33%

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

			CONVENIOS PARA A PROMOCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN, ATENCIÓN E ASESORAMENTO ESPECIALIZADO EN MATERIA DE DISCAPACIDADE FÍSICA OU PSÍQUICA, PADECIMENTO DE ENFERMIDADES OU DOENZAS, INTEGRACIÓN DAS PERSOAS DA ETNIA XITANA, ATENCIÓN ESPECIALIZADO A PERSOAS SEN TEITO, ACOLLEMENTO ESTIVAL DE MENORES E AXUDAS A COLECTIVOS CON ESCASOS RECURSOS	894.765,36 €	825.826,55 €	92,30%
ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA	4	APOIO A PROXECTOS CULTURAIS		44.700,00 €	37.051,61 €	82,89%
		REALIZACIÓN "AXUDAS A FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO ESCOLAR"		90.000,00 €	58.554,22 €	65,06%
			APOIO A ASOCIACIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS, PROXECTOS DE PROMOCIÓN CULTURAL DE LUGO E PROXECTOS DE PROMOCIÓN E APOIO Á HOSTALERÍA LOCAL	338.700,00 €	319.845,28 €	94,43%
			PROMOCIÓN DA SEMANA SANTA LUCENSE. FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA	18.000,00 €	5.500,00 €	30,56%
ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES	2	REALIZACIÓN DE PROXECTOS EN MATERIA DE DEPORTES		1.031.441,04 €	946.281,98 €	91,74%
			APOIO A ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS PARA DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E APOIO AO DEPORTE	914.000,00 €	834.591,91 €	91,31%

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA	2	REALIZACIÓN DE PROXECTOS EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ		133.559,74 €	15.201,32 €	11,38%
		APOIO Á PRESTACIÓN DE PRIMEIROS AUXILIOS NO MUNICIPIO DE LUGO A TRAVÉS DA COMITÉ PROVINCIAL DE CRUZ ROJA ESPAÑOLA		66.000,00 €	66.000,00 €	100,00%
Total	18	10	8	12.204.938,89 €	8.606.445,61 €	70,52%

No exercicio 2020 o importe total dos créditos iniciais das liñas de subvención recollidas no Plan estratéxico de subvencións 2020-2022 ascendeu a 7.250.588,15 €, realizándose pagamentos por importe de 4.648.200,98 €. Con iso conseguiuase un grao de execución do 64,11 %.

No ano 2021 o importe total dos créditos iniciais das liñas de subvención ascendeu a 3.053.450,74 €, realizándose pagamentos por importe de 2.396.820,77 €, conseguíndose un grao de execución do 78,50 %. Neste exercicio diminuíuse considerablemente o importe do crédito da liña de subvencións destinadas ao impulso da actividade económica para paliar os efectos do COVID19. Así mesmo, non se realizaron as convocatorias relativas ao alugamento de vivenda destinada a vivenda habitual (300.000,00 €) nin as destinadas a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento para realizar proxectos de cooperación (70.000,00 €). Ademais, producíronse renuncias a subvencións nominativas previstas por mor de non desenvolverse as actividades provocado pola situación de pandemia COVID19 (19.000,00 €) e non se aprobaron subvencións nominativas por non terse achegado debidamente a xustificación (14.000,00 €).

Neste exercicio, na memoria súxírese unha nova valoración das subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida e das subvencións a asociacións de veciños para o fomento de actividades que potencien a participación cidadá e a democracia participativa, co fin de que estas se adapten ás circunstancias e necesidades actuais, por canto a súa execución foi inferior ao 20%.

No ano 2022 o importe total dos créditos iniciais das liñas de subvención ascendeu a 1.900.900,00 €, realizándose pagamentos por importe de 1.561.423,86 €, conseguíndose un grao de execución do 82,14 %. Neste exercicio eliminouse na súa totalidade a liña de subvencións destinadas ao impulso da actividade económica para paliar os efectos do COVID19.

Por outra parte, e a partir da información contida nos informes anuais elaborados polo Servizo de Fomento, así como na memoria anual de execución do Plan estratéxico de subvencións 2020-2022, pódense extraer as seguintes conclusións:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac817582906486298461.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

No ano 2020 a maior parte do gasto en subvencións (68,96%) destinouse a AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID19, diminuíndose notablemente esta porcentaxe no seguinte exercicio (34,71%) ata a súa completa desaparición no último exercicio de vixencia do PES.

O orzamento previsto para as diferentes liñas de subvención, coa excepción da referida no parágrafo anterior, mantense nos exercicios sucesivos.

Resúmese o gasto en subvencións agrupado por Área de Goberno do seguinte xeito:

	2020			2021			2022			2020-2022		
	Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución	Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución	Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución	Importe Créditos iniciais	Importe Pagos realizados	% Execución
ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL	5.295.000,00	3.033.165,92	57,28%	1.402.500,00	1.296.836,70	92,47%	255.000,00	246.005,44	96,47%	6.952.500,00	4.576.008,06	65,82%
ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL	1.070.847,11	895.297,40	83,61%	764.591,00	318.163,05	41,61%	780.600,00	533.950,78	68,40%	2.616.038,11	1.747.411,23	66,80%
ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA	170.800,00	135.831,47	79,53%	173.800,00	153.841,74	88,52%	146.800,00	131.277,90	89,43%	491.400,00	420.951,11	85,66%
ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES	646.441,04	558.965,93	86,47%	648.000,00	601.489,32	92,82%	651.000,00	620.418,64	95,30%	1.945.441,04	1.780.873,89	91,54%
ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA	67.500,00	24.940,26	36,95%	64.559,74	26.489,96	41,03%	67.500,00	29.771,10	44,11%	199.559,74	81.201,32	40,69%
Total	7.250.588,15	4.648.200,98	64,11%	3.053.450,74	2.396.820,77	78,50%	1.900.900,00	1.561.423,86	82,14%	12.204.938,89	8.606.445,61	70,52%

A maior parte do gasto en subvencións durante todo o período atópase situado na Área de Desenvolvemento Sostible, que concentra aproximadamente o 57% dos créditos para subvencións durante os tres exercicios. Resalta o alto grao de execución do gasto nas subvencións da Área de Medio Rural e Deportes (91,54%) e pódese concluír que ao longo do período tense alcanzado un grao de cumprimento do 70,52%.

No tocante aos labores de seguimento e avaliación das distintas liñas de subvencións **para os efectos de comprobar o cumprimento dos obxectivos marcados**, dicir que cada unha destas liñas contén ou debe conter indicadores específicos relacionados con estes, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento permiten coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos.

Analizadas de xeito aleatorio as memorias presentadas polos servizos xestores, compróbase que a análise do cumprimento dos obxectivos se realiza de forma global e xenérica, sen incluír en moitos casos referencia a todos os indicadores contidos no Plan estratéxico.

Cómpre salientar que, en moitos casos, tanto obxectivos operativos como indicadores non se axustan ás esixencias que deben ter. No que se refire aos

primeiros, deben formularse de xeito que sexan *“coherentes cos obxectivos estratéxicos do plan; estarán expresados en termos precisos e datados, concretando o prazo para a súa consecución”* (segundo a GUÍA XERAL PARA A ELABORACIÓN, SEGUIMENTO, CONTROL, AVALIACIÓN E PUBLICIDADE DOS PLANS ESTRATÉXICOS DE SUBVENCIÓNS elaborada pola IGAE), evitando formulacións xenéricas, non cuantificadas ou periodificadas.

No que atinxe aos indicadores, deben contar coa suficiente calidade e seguir na medida do posible a metodoloxía RACER (indicadores relevantes, aceptados, cribles, doados de controlar e resistentes) capaces de medir a consecución destes obxectivos concretos. Obsérvase que moitas liñas se limitan a recoller indicadores de tipo xenérico como “Participación de persoas por cada actividade”, “% de cada tipo de axuda sobre o total”, “% de beneficiarios por axuda”, “recursos económicos realmente utilizados ...” ou “nº de actuacións levadas a cabo”, sen máis concreción e sen marcar ningunha meta relacionada cos obxectivos para alcanzar nas distintas anualidades de duración do plan.

Deste xeito, o PES carecerá de valor real como instrumento de planificación e de mellora da xestión, a cal debería ser a súa misión fundamental.

En todo caso, esta é unha situación para ter en conta no procedemento de elaboración de futuros plans estratéxicos de subvencións, tendo en conta para estes efectos que nos atopamos no último ano de vixencia do actual.